Escrita 4

VRAN 84



alfonso costa

Portada: ALFONSO COSTA. 3, ENCONTRO DE ESCRITORES por Margarita Ledo Andión. 4, CON EDOARDO SANGUINETTI EN COMPOSTELA por Antonio Rodríguez Reixa. 5, A NOVELA DE POLICIAS E LADRONS EN CATALAN por Jaume Fuster. 6-7, MENUHIN: O VIOLIN DE CREMONA por Xurxo Fernández. 8, NOTICIA DE "CRISOL", REVISTA POETICA PORTUGUESA por A. R. Reixa. 10, MODA E MODERNIDADE por Carlos Fernández e B. Lourenzo Fondevilla. 11, COÑECIMENTO, MODA, TROCA DE PARADIGMA por Miguel Anxo Murado. 12-13, OS XOGOS SEMIOTICOS DO VESTIR por F. J. Ruiz Collantes. 14, MODA E ECOLOXIA por Carlos Vales. 17, O VULGARISMO NA ESCRITA GALEGA por Mª Xosé Queizán. 18, ALAIN BADIOU: FILOSOFIA, IDEOLOXIA, SUXEITO por Francisco Sampedro Ojea. 19, OS EXILIOS DE ULISES por Fernando Savater. 20, A ESPADA DE LI PO por Román Raña Lama. 21, TRABALLADOR EXEMPLAR, conto de Xosé Neira Vilas. POESIA VISUAL E POEMA OBXETO, de Joan Brossa. 22, ESTE DOMINGO, conto de Manolo Rivas.
Colaboradores gráficos: páx. 2, Antón Patiño. 3 e 19, César Fernández. 11 e 14, Jorge Barbi. 22, Carlos Crego. 23, Antón Lamazares. Comic: Anxo L. Baranda. Fotografía páx. 7, Xurxo Fernández. Deseño portada interior: páx; 9-16, Mª Carmen Prado.



Dibuxo: Antón Patiño.

FUNDACION BANCO EXTERIOR

Manifesto de Poblet

ENCONTRO DE ESCRITORES

Reunidos en Poblet o dia 24 de xuño de 1984, nós, escritores galegos, vascos e cataláns, manifestamos:

1.- En contra de todo intento de manipulación e de desvirtuación cultural e nacional, son escritores galegos, vascos e cataláns aqueles que usan como instrumento de criación as suas respectivas línguas, é dicer, galego euskera e catalán.

2.- A pesar dos avances de normalización —debidos fundamentalmente á loita reiterada tanto dos escritores coma de outros sectores sociais cunha firme conciéncia nacional— atopámonos aínda moi lonxe dos mínimos esixibeis en sociedades nacionais asentadas. Constatamos que somente se cada unha das nacións aquí representadas se constituen en Estado integramente soberano haberá garantias de restabelecemento pleno.

3.- O compromiso firme de estabelecer relacións continuadas de intercambio e de acción conxunta entre as literaturas e outras expresións culturais de Galicia, Euskalerria e os Paises Cataláns. A tal efeito demandamos, desde xa, das institucións que artellen a infraestrutura necesária para que esta interrelación teña un funcionamento efectivo que abranga a difusión e representaci internacional das nosas literatur en todos os ámbitos.

4.-O compromiso das nosas Asociacións de manter unha relación constante a través da criación dun equipo de traballo conxunto co obxectivo, entre outros, de garantir o intercámbic de información sobre da produción literária,
por en marcha publicacións comúns,
impulsar traducións mútuas, asi como becas destinadas a favorecer o trasvase de experiéncias culturais, e mantermonos vixiantes na defensa conxunta e solidária dos intereses profesionais.

5.- Que o encontro nos amosa a preocupación certa dos escritores tanto no que se refire á problemática das nosas nacións sen Estado como á defensa efectiva dos dereitos humanos. Así, constatamos o feito dunha represión que tamén afecta a escritores das nosas nacións e do mundo.

Poblet, a 24 de xuño de 1984. ○

En Barcelona, o 22 e 23 de xuño; en Poblet, o 24, encontrabámos escritores galegos, vascos e cataláns. As institucións —Generalitat, Axuntamentos de Barcelona e mais de Sitges, Diputación de Tarragona— saudaban as nosas delegacións e desexábannos un bon traballo. A orde do Cister emprestounos a sá capitular do Mosteiro de Poblet para que fose lido, nos tres idiomas, o Manifesto *do Encontro. Un Encontro de Escritores ben sucedido non só porque coñecimos millor as nosas situacións respectivas de cara a transformalas senón por incluir o bonito das viaxes e da gastronomia como elemento á par das sesións de debate. A boa organización do Encontro e mesmo a comodidade dos locais rachaban o binomio tradicional cultura/miserabilismo no que muitos —sobre todo dende as institucións— ainda creen.*

Ter que decir o evidente é, ás veces, un revulsivo que dá noticia de situacións discriminatorias, inxustas, en conflito. Evidente é esixir a creación de cátedras de galego, euskera e catalán internacionalmente, reclamar subvencións para a proxección das nosas literaturas ou que se nos traduza e se nos divulgue dende a Administración tal e como fai coas obras de criación no idioma dominante. Evidente, e tamén paradóxico, é esixir a entrada das línguas e autores nacionais nos medios de comunicación de Galicia, Euskadi e os Paises Cataláns, e no ensino. Evidente é urxir a normalización das relacións comerciais coas editoras a través dun contrato.

As conclusións do Encontro, aprobadas na Asamblea do 23 de xuño, que tivo lugar no Palau Marc de Barcelona, refírense ás catro áreas de traballo do mesmo —Relacións entre as Asociacións e coas Institucións, Proxección Internacional, Literaria e Nación, Problemática profesional— e falan de todo o evidente, pero tamén coinciden en poñer en primeiro termo a necesidade de sistematizar e de intensificar as relacións entre as nosas respectivas Asociacións asi como o feito de reafirmámonos en que somos nós, suxeitos activos da criación cultural, quen temos de abordar a definición e as realizacións base da Cultura. Como primeira realización conxunta, as tres asociacións de escritores publicaremos un *Anuario* trinacional de información.

Pola banda das institucións especificouse a sua obriga, como servicio público que son, en dar cobertura financeira e artellar infraestrutura acaida para o avance da culturización das sociedades. Tentativas dirixistas ou de sustitución das organizacións de grupo, como o son as de Escritores, serán sempre combatidas dende posicións progresistas e nacionais como as nosas.

Neste I Encontro dixemos, con total senso de actualidade, que somos escritores no seo de procesos nacionais e que queremos estados soberáns; neste I Encontro os escritores fomos perdendo a vergoña sobre cuestións como a do sexo dos anxos e manifestamos que a literatura, a sensibilidade cultural, é tamén preocupación política; neste I Encontro, en asamblea, aprobamos unha moción contra o ingreso do Estado español na OTAN e denunciamos a situación represiva no límite que padece Euskalerria. Neste I Encontro, a dias 22, 23 e 24 de xuño, fomos partícipes, e condeamos, o illamento do escritor Sarrionaindia, preso en Herrera de La Mancha; o non recoñecemento oficial da catalanidade da lingua propia dos valenciáns; o expediente á profesora Pilar Garcia Negro por impartir as clases no idioma galego e a manipulación do Parlamento galego coa traida dos restos de Castelao. ○

M.L.A.



ESCRITA

Asociación de
Escritores en
Lingua Galega

